



Concello de **OURENSE**

Expte. Cividás: 2017013414

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 29 de xaneiro de 2018

Visto o informe-proposta, de data 26 de xaneiro, elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica, mediante escrito de data 08 de xaneiro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 4-X/2018, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N230.2411.13100	Personal lab. temp. Obradoiro de emprego	51.700,86 €
N230.2411.16000	Cota patronal S. Social Obradoiro de emprego	7.349,17 €
TOTAL.....		59.050,03 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45053	Subv. Xunta Prog. Obrad. de Emprego Montealegre II	59.050,03 €
TOTAL.....		59.050,03 €

2.- Modificar o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17-2-11-02

Título: Programa Obradoiro de Emprego Montealegre II

Importe a incrementar: 79.050,03 €

Período de execución: 25/09/2017 - 24/04/2018

Aplicacións orzamentarias de gasto:

N110.2411.22631	Obradoiro de emprego Montealegre II. Gastos diversos	20.000,00 €
N230.2411.13100	Personal lab. temp. Obradoiro de emprego	51.700,86 €
N230.2411.16000	Cota patronal S. Social Obradoiro de emprego	7.349,17 €

Financiación:

Subv. Xunta Programa de Obradoiro Emprego Montealegre II (concepto de ingresos 45053): 59.050,03 €

Concello de Ourense (recursos propios): 20.000,00 € (RC núm.: 201800002185)

Axente: Xunta de Galicia (S1511001H): 59.050,03 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.